

## **IV.A - AXUDAS PREDOUTORAIS**

### **1.- OBXECTIVO**

O obxectivo desta convocatoria é subvencionar doutorandos ou doutorandas integradas en grupos de investigación que estean a realizar a tese de doutoramento na Universidade de Vigo, e que en función da súa capacitación e formación poidan converterse en novos investigadores e investigadoras.

### **2.- APLICACIÓN ORZAMENTARIA**

Estas axudas financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 00VI 131H 641.02 Axudas propias á investigación e á transferencia. Os grupos nos que se integren os contratados ou contratadas poderán complementar estes contratos con financiamento propio non finalista.

### **3.- PERSOAS BENEFICIARIAS**

Establécense un total de 25 contratos de nova adxudicación para doutorandos ou doutorandas matriculados a tempo completo no curso 2017-2018 nun programa de doutoramento da Universidade de Vigo e que se incorporen a un grupo de investigación rexistrado no Servizo de Investigación da nosa Universidade.

### **4.- REQUISITOS DOS E DAS SOLICITANTES**

As persoas solicitantes das axudas previstas deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Non ter gozado de bolsas FPI, FPU, predoutorais da Xunta de Galicia ou equivalentes.
- Estar matriculadas nun programa de doutoramento na Universidade de Vigo a tempo completo no momento da sinatura do contrato, en caso de concesión. Pedirase a acreditación da matrícula, no caso de concesión da axuda, con anterioridade á sinatura do contrato.
- Ter completados 300 ECTS, dos cales alomenos 60 deben ser de formación de estudos oficiais de posgrao e consonte a normativa de matrícula da Universidade de Vigo para o curso 2017-2018.
- A data de obtención do título de máster ou de superación dos 60 ECTS dos estudos oficiais de posgrao debe ser posterior a 1 de xaneiro de 2015.

No caso dos/as licenciados/as, enxeñeiros/as, arquitectos/as ou titulacións equivalentes que accedan directamente ao doutoramento, esta data é a de obtención do título correspondente (pagamento das taxas), excepto nos casos que lles fose esixido, para o acceso ao doutoramento, a superación de determinados estudos de máster.

- Estar incorporadas ou comprometer a súa incorporación a un grupo de investigación da Universidade de Vigo rexistrado no Servizo de Investigación; neste segundo caso pedirase a acreditación da alta efectiva no grupo, no caso de concesión da axuda, con anterioridade á sinatura do contrato.
- Non ter gozado destas axudas ou doutras homologadas a elas en anteriores convocatorias.
- Non posuír título de doutor ou doutora.
- Ter unha nota media do expediente académico ponderada pola nota media da titulación de acordo co Anexo III igual ou superior a 1,00.

## **5.- FORMALIZACIÓN DAS SOLICITUDES**

As solicitudes en modelo normalizado IV.A, dirixiranse ao sr. reitor da Universidade de Vigo, xunto coa seguinte documentación:

- Fotocopia do D.N.I., ou equivalente.
- Listaxe e documentos xustificativos daqueles 5 méritos obtidos no período 2011-2017 que sometan a avaliación de acordo co Anexo II da convocatoria. Rematado o prazo de presentación de solicitudes non se admitirá documentación relativa aos méritos
- Certificación académica do período de formación do doutoramento, no que se indique o dato da titulación de acceso.
- Certificación académica detallada dos estudos que deron acceso ao programa de doutoramento na que figuren as calificacións obtidas, as súas datas de obtención e o número exacto de convocatorias investidas en cada materia (copia simple para as titulacións obtidas na Universidade de Vigo e orixinal ou copia compulsada para as obtidas noutras Universidades). Non serán válidas as certificacións extractadas do expediente académico.

No caso de estudos validados, será requisito indispensable a presentación da certificación académica, de idénticas características, para os estudos de orixe.

As persoas que acceden ao 2º ciclo dunha licenciatura a través do correspondente curso de adaptación, por estar en posesión dun título de diplomado ou diplomada ou por ter realizado o 1º ciclo dalgunha titulación que permita o acceso ao 2º ciclo, para efectos de determinar a media do expediente académico deberán achegar ademais da certificación correspondente ao curso de adaptación e a do segundo ciclo, a referente á diplomatura ou aos estudos de 1º ciclo realizados.

Aos efectos de certificación de equivalencia de cualificacións, os/as solicitantes deberán presentar as notas medias proporcionadas polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte (<http://www.mecd.gob.es/mecd/servicios-al-ciudadano-mecd/catalogo/general/educacion/203615/ficha.html>).

O prazo de presentación de solicitudes será ata o **29 de setembro de 2017**.

## **6.- PERÍODO DE DESFRUTE E CONTÍA**

A dotación anual do contrato será de 20.500 €(custos incluídos).

O período de disfrute será como máximo de dous anos desde a data de sinatura do contrato, considerándose non obstante causa legal e suficiente para a rescisión do contrato non superar o informe-avaliación ao que necesariamente se someterá a persoa beneficiaria de axuda no décimo mes de contrato.

Estas axudas non establecen relación contractual estable nin compromiso posterior de incorporación á Universidade de Vigo

## **7.- AVALIACIÓN E SELECCIÓN**

A Comisión de Investigación, delegada do Consello de Goberno, arbitrará os mecanismos e medios para proceder á avaliación e selección das solicitudes presentadas tomando como base os seguintes criterios:

- a) Nota media do expediente académico de cada solicitante ponderada pola nota media da titulación de grao, licenciatura, enxeñaría, arquitectura, etc. de acordo co Anexo III. A nota media ponderada deberá ser igual ou superior a 1,00. No caso de titulacións de segundo ciclo, baremaranse os expedientes tomando a nota media ponderada para cada ciclo e calculando a media entre ámbalas dúas.

A nota media do expediente académico calcularase de acordo cos seguintes criterios:

- No caso de ensinanzas conducentes á obtención do título universitario oficial español de licenciado/a, enxeñeiro/a, arquitecto/a ou graduado/a nun grao de 300 créditos, valoraranse a totalidade dos créditos ou materias superadas.
- No caso de ensinanzas conducentes á obtención do título de graduado/a de 240 créditos, diplomado/a, enxeñeiro/a técnico/a, arquitecto/a técnico/a e mestre/a, a nota media realizarase tendo en conta estes estudos máis a totalidade dos créditos superados no máster ou equivalente, debendo ter completado polo menos 300 créditos no conxunto dos estudos universitarios de grao ou primeiro ciclo e de máster ou equivalente, de acordo coa seguinte fórmula:

$$(X*C1+M*C2) / (C1+C2)$$

Sendo:

X: Nota media obtida no grao ou no primeiro ciclo.

M : Nota media obtida no máster ou equivalente.

C1: Créditos superados no grao ou no primeiro ciclo.

C2: Créditos superados no máster ou equivalente.

b) Valoración dos 5 méritos obtidos no período 2011-2017 que sometan a avaliación de acordo co Anexo II da convocatoria e a documentación achegada.

En cada un dos apartados, outorgarase un máximo de catro puntos á candidatura coa puntuación máis alta, e o resto das candidaturas obterán unha puntuación proporcional a esta. Logo, as puntuacións dos apartados a) e b) ponderaranse de maneira que cada un deles supoña, respectivamente, o 75% e o 25% da puntuación total.

A Comisión de Investigación agrupará as solicitudes por ámbitos de coñecemento, e seleccionará polo menos unha candidatura por ámbito, tentando equilibrar as distintas titulacións e os respectivos ámbitos de coñecemento. A asignación a ámbitos de coñecemento realizarase tendo en conta o programa de doutoramento no que estean matriculadas as persoas solicitantes, segundo o indicado no Anexo IV.

Quedarán excluídas as persoas que teñan concedida unha bolsa ou contrato predoutoral (FPI, FPU, Xunta de Galicia).

## **9.- CONDICIÓN DE DESFRUTE DA AXUDA E OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS.**

A persoa beneficiaria realizará tarefas de formación e colaboración en réxime de adicación total.

O disfrute desta axuda é incompatible con calquera outra axuda de análoga natureza financiada con fondos públicos ou privados españois ou comunitarios así como con carácter xeral, coa percepción de calquera contía que teña natureza salarial ou que supoña contraprestación dineraria. Non obstante, as axudas de este programa sí serán compatibles coas percepcións que procedan de tarefas docentes ou investigadoras directamente asociadas coa actividade de investigación desenvolta polo persoal investigador en formación e cos complementos provenientes do seu proxecto de I+D, de contratos realizados en aplicación a Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro de Universidades, debendo neste caso ser comunicadas á Vicerreitoría de Investigación e Transferencia para a súa autorización previa. As persoas beneficiarias deberán comunicar ao órgano concedente se se produce o caso, a obtención doutras axudas, subvencións, ingresos ou recursos de natureza similar á concedida, que lles cheguen tan pronto teñan coñecemento o que poderá supoñer a minoración ou rescisión da actual axuda, segundo a consideración da Vicerreitoría de Investigación e Transferencia.

O beneficiario ou beneficiaria realizará o seu labor no centro de aplicación da axuda, sendo necesario para calquera cambio de centro, ou ausencia temporal xustificada da persoa interesada, solicitar autorización previa ao investigador ou investigadora principal. Deberá remitir copia da solicitude e autorización á Vicerreitoría de Investigación e Transferencia da Universidade de Vigo.

Os beneficiarios e beneficiarias poderán impartir 60 horas/ano de docencia, con finalidades formativas, logo da conformidade do director ou directora da tese de doutoramento e por proposta do departamento implicado, que o aprobará no seu POD. A docencia impartida limitarase a ensinanzas prácticas ou suplencias, e en ningún caso se encargarán dunha materia ou disciplina completa.

Os beneficiarios e beneficiarias están obrigados a comunicar á Vicerreitoría de Investigación e Transferencia, se é o caso, a renuncia ao contrato tan pronto como se produza a causa que a determine.

Unha vez lida a tese, manterase a condición do beneficiario ou beneficiaria sempre e cando continúe desenvolvendo labores de investigación na Universidade de Vigo, e o período restante de disfrute da axuda sexa igual ou inferior a 10 meses.

A persoa beneficiaria no décimo mes de contrato (ou cando renuncie ou cese) deberá remitir a Vicerreitoría de Investigación e Transferencia unha memoria (máximo 500 palabras) que reflecta o labor realizado e os resultados obtidos. Na memoria deberá figurar o visto e prace dos directores ou directoras da tese de doutoramento.